

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA MÚSICA BANDÍSTICA EN 2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa **Federación Galega de Bandas de Música Populares** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue **dende a data de sinatura do convenio ata o 20 de decembro de 2018**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento de actividades de promoción e difusión da música bandística a través da organización da XII edición do Certame Galego de Bandas de Música, desenvolvido ao longo do ano cos concertos de promoción en diferentes lugares de Galicia a cargo das bandas seleccionadas e que culmina na gala final do evento, coa clausura do certame, onde se dan a coñecer as bandas gañadoras nas diferentes seccións; e da XI edición do Concurso Galego de Composición, certame destinado a enriquecer o patrimonio musical galego que concita unha alta participación de compositores e que garante aos gañadores e finalistas a interpretación das súas composicións no Certame de Bandas de Música do ano seguinte, así como a edición das obras.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Federación é a entidade máis representativa do ámbito bandístico a nivel galego ao ter un elevado número de formacións e instrumentistas federados das catro provincias galegas, e nese labor continuo que realiza a prol da difusión e promoción da música de banda destacan de maneira relevante dúas iniciativas: o Concurso Galego de Composición, co que pretende enriquecer o patrimonio cultural galego no intento de cubrir a escasez de repertorio musical galego para bandas de música; e o Certame Galego de Bandas de Música, evento xa consolidado na comunidade ao que concorren anualmente un gran número das bandas galegas máis representativas, xerando un gran movemento social, sobre todo das idades máis novas, unido pola afección por este tipo de música, que fai que nos días da clausura do






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

certame, que adoita celebrarse a final de ano, preto de mil músicos enchan as instalacións do Auditorio de Galicia como testemuñas do progreso musical de Galicia.

A súa actividade continua ao longo dos anos resulta decisiva para a expansión da cultura musical bandística en Galicia, cun exitoso labor que ten o seu reflexo na calidade das programacións e nunha gran afluencia de público ás actividades desenvolvidas, e que este ano vai máis alá acadando por primeira vez carácter internacional ao abrir o Certame a bandas non procedentes de Galicia para que participen en seccións con prazas libres dispoñibles.

A Agadic considera de especial importancia establecer accións conxuntas coa Federación que permitan a participación no desenvolvemento destas iniciativas, coas que se pretende dar a coñecer o nivel dos músicos galegos e o traballo que realizan ao longo de todo o ano, así como aumentar o repertorio de música de banda de temática galega.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

galicia

